

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
27007958	CPI Luís Díaz Moreno	Baralla	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación infantil	Crecedemento en harmonía	4º Inf.	8	280

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	17
4.2. Materiais e recursos didácticos	18
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	18
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	19
6. Medidas de atención á diversidade	19
7.1. Concreción dos elementos transversais	20
7.2. Actividades complementarias	20
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	21
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	21
9. Outros apartados	21

## 1. Introducción

A programación da área de Crecemento en Harmonía recolle os elementos curriculares que se traballarán ao longo do curso de 4º de EI e céntrase nas dimensións persoal e social da nena ou do neno, entendidas como inseparables e complementarias, que se desenvolven e regulan de maneira progresiva, conxunta e harmónica aínda que só adquire sentido desde a complementariedade coas outras dúas áreas, xa que se produce nunha contorna física e natural determinada e precisa da utilización de distintas linguaxes e representacións da realidade. Aténdese, polo tanto, ao desenvolvemento psicomotor, a adquisición paulatina do control de si mesmo e ao proceso gradual de construción da propia identidade.

E por iso que esta programación está deseñada para ser desenvolvida, conxuntamente coas programacións das outras dúas áreas, a través da realización de unidades didácticas formadas por situacións de aprendizaxe (retos, tarefas, actividades e exercicios). Consideramos fundamental seguir respetando o principio de globalidade á hora de deseñar estas situacións de aprendizaxe, onde se poñan en práctica habilidades e capacidades relacionadas coas tres áreas curriculares.

Para levar a cabo unha concreción dos elementos curriculares que irán en cada unidade establecemos categorías xerais que actuarán coma referencia para os centros de interese que cada mestra ou mestre escollerá, pero sempre tendo en conta os intereses das nenas e nenos.

A temporalización das unidades proposta é orientativa e poderá ser modificada en función das realidades educativas de cada persoa mestra. Programaremos dúas unidades didácticas en cada trimestre, e unha unidade transversal que se desenvolverá ao longo de todo o curso onde se traballarán de forma reiterativa aspectos moi concretos relacionados coa área e que complementará o traballado nas outras unidades.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Progresar no coñecemento e no control do seu corpo e na adquisición de distintas estratexias, adecuando as súas accións á realidade da contorna dunha maneira segura para construír unha autoimaxe axustada e positiva.	1	1		1		1		
OBX2 - Recoñecer, manifestar e regular progresivamente as súas emocións expresando necesidades e sentimentos para lograr o bienestar emocional e a seguridade afectiva		1	1		1			
OBX3 - Adoptar modelos, normas e hábitos, desenvolvendo a confianza nas súas posibilidades e sentimentos de logro para promover un estilo de vida saudable e ecosocialmente responsable			1				1	1
OBX4 - Establecer interaccións sociais en condicións de igualdade, valorando a importancia da amizade, do respecto e da empatía para construír a súa propia identidade baseada en valores democráticos e de respecto aos dereitos humanos	1		1					1

### Descrición:

### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Aprendizaxe continua	<p>Esta unidade traballarase de xeito transversal durante todo o curso e complementará as outras unidades/categorías. Aquí atoparemos actividades relacionadas coas linguaxes coma medio de comunicación (assembleas, buscas de información, uso de medios dixitais) de expresión (conciencia fonolóxica, emprego de diferentes soportes) e de relación social (pautas de convivencia, autoregulación emocional....).</p> <p>Recollerá tamén as actividades iniciais de acollida do alumnado xa que é a súa primeira incorporación no centro e na aula. Incluirase aquí o periodo de adaptación que se ten que realizar neste curso e tamén todas aquelas actividades que realizaremos posteriormente de presentación de novos integrantes da clase, novos espazos, de dinámicas de cohesión de grupo, elaboración das normas da clase en gran grupo, etc..</p>	40	X	X	X
2	Chegamos ao cole	<p>Nesta unidade pretendemos que o alumnado, por un lado descubra as dependencias da escola, os espazos da clase, as persoas que foran parte dela, que empecen a desenvolverse con progresiva autonomía, que se relacionen cos demais e participen nas actividades escolares, e por outra parte que descubra o seu propio corpo, as súas funcións, singularidades, diversidade persoal, igualdade de xénero, expresión de emocións... Centrarémonos na exploración activa do corpo relacionando o movemento coa expresividade tanto corporal coma oral, iniciando o coñecemento de vocabulario relacionado coas emocións así como a expresión de sentimentos para favorecer o aumento do seu repertorio comunicativo. Iniciaremos ao alumnado no coñecemento e reprodución de cantigas, xogos de palabras, identificación de elementos de imaxes... sempre de forma activa, lúdica e manipulativa.</p>	40	X		
3	A miña casa	<p>Esta unidade pretende por unha parte desenvolver actitudes de respecto e valoración cara á familia, así como a participación e colaboración nas tarefas da casa evitando calquera estereotipo de xénero e promovendo a igualdade de tódolos membros. A través da investigación, empregando diferentes ferramentas tecnolóxicas e dixitais e da observación, o alumnado descubrirá outros tipos de vivendas: iglús, pallozas...</p> <p>Coa observación directa da contorna descubrirá os cambios que se producen coa chegada do outono. Coa recollida de materiais da saída pola contorna (follas,</p>	40	X		

UD	Título	Descrición	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
3	A miña casa	castañas, cogomelos, etc) e outros produtos aportados pola familia construiremos o mural do outono fomentando a creatividade e a expresión persoal de cada neno e nena.	40	X		
4	As rúas do meu pobo	Esta unidade adicámola a coñecer o seu pobo, a súa cultura, os edificios máis importantes, os establecementos e os produtos que ofrecen, as profesións das persoas que traballan neles, a praza, os parques e o río. Levaranse a cabo propostas centradas en actividades de observación directa a través de saídas polo pobo e de descubrimento, onde iniciaremos ao alumnado na busca de información, recopilación e interpretación da mesma, sempre empregando diferentes formatos e soportes e favorecendo a accesibilidade de todo o noso alumnado. Con esta información realizaremos sinxelas producións en ambas linguas oficiais Nesta unidade tamén faremos unha primeira aproximación ao inverno. Mediante a observación directa o alumnado descubrirá aspectos desta estación: Cambios na contorna, frío, roupa...	40		X	
5	A auga	Nesta unidade traballaremos un tema de gran interés para o alumnado de 4º E.I.: a auga. Realizaremos actividades relacionadas coa importancia da auga para os seres vivos, que coñezan os diferentes estados nos que se pode atopar, os animais que poden vivir nela e os medios de transporte mariños. Insistiremos na necesidade de facer un uso responsable deste recurso e abordaremos profesións como: pescadores/as, mergulladores/as, bombeiros... Aproveitando os cambios de estado da auga investigaremos e observaremos os cambios atmosféricos propios do inverno: a neve, a xeadas, o frío... así como tamén a experimentación de pintar con xeo. As actividades que primarán nesta unidade serán de adquisición de novo vocabulario nas dúas linguas oficiais, comprensión dos pasos para levar a cabo diferentes accións, a descripción de procesos e fenómenos naturais...	40		X	
6	A horta e o xardín	Nesta unidade traballaremos actividades relacionadas coa realidade do mundo vexetal, xa sexa a través do coñecemento dos principais elementos da natureza, a través de experiencias divertidas e prácticas traballando na horta, descubrindo aspectos da agricultura ou observando os cambios que teñen lugar coa chegada da primavera e descubrindo como inflúen nas plantas As actividades que primarán nesta categoría serán de adquisición de novo vocabulario, comprensión dos pasos para levar a cabo diferentes accións, a descripción de procesos e fenómenos naturais... Faremos saídas pola contorna para observar os cambios da primavera: nacen as follas, as flores e	40			X

UD	Título	Descrición	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
6	A horta e o xardín	plántanse as hortas.	40			X
7	Os nosos animais	<p>Nesta unidade incluímos actividades adicadas a realidade do mundo animal. Estudiaremos os animais da localidade domésticos e salvaxes, as súas características, o seu hábitat e a súa relación cos seres humanos. As actividades que primarán nesta unidade serán de adquisición de novo vocabulario asociado, descripción de animais segundo as súas características singulares, así como a descripción do seu hábitat, participación en actividades de elaboración de información relacionada co tema, fomentar o respecto cara a eles...</p> <p>Partindo dos coñecementos previos buscaremos información empregando diferentes formatos e soportes e favorecendo a accesibilidade a todo o alumnado.</p>	40			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Aprendizaxe continua	40

Cráterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.2 - Recoñecer, identificar e representar o corpo na súa globalidade e nas súas diferentes partes mostrando un nivel de detalle acorde á súa idade ou estado madurativo, chegando a interiorizar paulatinamente o seu esquema corporal	Recoñece, identifica e sinala as partes do seu corpo (cabeza, tronco e extremidades) sobre sí mesmo e sobre outras persoas.	TI
CA1.6 - Participar en contextos de xogo dirixido e espontáneo axustándose ás súas posibilidades persoais e mostrando destrezas motoras e habilidades manipulativas cada vez máis axustadas	Amosa interese no xogo dirixido e espontáneo.	
CA2.1 - Identificar e manifestar os propios sentimentos, vivencias, emocións e comprender as dos demais.	Recoñece os seus sentimentos, emocións... e os dos demais.	
CA2.3 - Participar en contextos de xogo dirixido e espontáneo axustándose ás súas posibilidades persoais.	Mostra interese polo xogo, tanto o dirixido como o espontáneo.	
CA2.4 - Identificar e expresar as súas necesidades e sentimentos axustando progresivamente o control das súas emocións.	Recoñece as súas necesidades e sentimentos e controla as súas emocións.	
CA2.5 - Adquirir un nivel mínimo de tolerancia á frustración e ser capaz de adaptar o seu comportamento a diferentes situacións.	Adáptase a diferentes situacións.	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA2.8 - Participar con iniciativa en xogos e actividades colectivas relacionándose con outras persoas con actitudes de afecto e empatía, aceptando as diferenzas individuais e evitando todo tipo de discriminación.	Acepta as diferenzas dos seus iguais nas actividades de grupo.	
CA3.5 - Respetar a secuencia temporal asociada aos acontecementos e actividades cotiás, adaptándose ás rutinas establecidas para o grupo e desenvolvendo comportamentos respectuosos cara ás demais persoas.	Mostra comportamentos respectuosos cara os demais e respeta as rutinas.	
CA4.2 - Respetar a secuencia temporal asociada aos acontecementos e actividades cotiás, adaptándose ás rutinas establecidas para o grupo e desenvolvendo comportamentos respectuosos cara ás demais persoas.	Mostra comportamentos respectuosos coas demais persoas e respeta as rutinas.	
CA4.4 - Relacionarse de maneira asertiva, con tolerancia e eficacia coas persoas coas que interacciona nas súas rutinas diarias e nas súas actividades cotiás.	Ten unha boa relación coas persoas coas que interrelaciona.	
CA4.6 - Participar activamente en actividades relacionadas coa reflexión sobre as normas sociais que regulan a convivencia e promoven valores como o respecto á diversidade e o trato non discriminatorio cara ás persoas.	Valora a importancia da convivencia, a igualdade, o respecto... entre as persoas	
CA4.7 - Desenvolver destrezas e habilidades para a xestión de conflitos de forma positiva propoñendo alternativas creativas e tendo en conta o criterio doutras persoas.	Mostra habilidades para xestionar os conflitos.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Imaxe global e segmentaria do corpo: características individuais e percepción dos cambios físicos. Autoimaxe positiva e axustada ante os demais.</li> <li>- Avance e control progresivo da motricidade fina.</li> <li>- Interiorización das nocións espazo-temporais nas actividades cotiás.</li> <li>- Identificación, verbalización e expresión de sentimentos, emocións, vivencias, preferencias e intereses propios e das demais persoas.</li> <li>- Ferramentas para a identificación, expresión, aceptación e control progresivo das propias emocións, sentimentos, vivencias, preferencias e intereses.</li> <li>- Estratexias para desenvolver a seguridade en si mesmo, o recoñecemento das súas posibilidades e a asertividade respectuosa cara aos demais.</li> <li>- Aceptación e valoración axustada e positiva da súa persoa, confiando nas súas posibilidades e recoñecendo as limitacións propias.</li> <li>- Aceptación construtiva de erros e correccións: manifestacións de superación e logro.</li> <li>- Estratexias para a resolución de conflitos e para o desenvolvemento da resiliencia.</li> <li>- Recoñecemento das necesidades básicas do corpo. Hixiene, vestido, alimentación, descanso, actividade.</li> </ul>

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Aceptación das normas de comportamento establecidas durante as comidas, os desprazamentos, o descanso e a hixiene.</li> <li>- Actividade física estruturada con diferentes graos de intensidade.</li> <li>- Rutinas: planificación secuenciada das accións para resolver unha tarefa; normas de comportamento social na comida, o descanso, a hixiene e os desprazamentos, etc.</li> <li>- Xestión do seu comportamento en función das necesidades das outras persoas e das normas de funcionamento do grupo, dereitos, responsabilidades e comportamentos sociais, camiñando progresivamente cara á autorregulación das súas accións.</li> <li>- Resolución de conflitos xurdidos nas interaccións sociais.</li> <li>- Fórmulas de cortesía e interacción social positiva. Actitude de axuda e cooperación. A resposta empática á diversidade debida a distintas formas de discapacidade e ás súas implicacións na vida cotiá.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
2	Chegamos ao cole	40

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>
CA1.1 - Progresar no coñecemento do seu corpo axustando accións e reaccións e desenvolvendo o equilibrio, a percepción sensorial e a coordinación no movemento	Progresa no coñecemento e no control do seu corpo, no equilibrio, na percepción sensorial e na coordinación no movemento	TI
CA1.2 - Recoñecer, identificar e representar o corpo na súa globalidade e nas súas diferentes partes mostrando un nivel de detalle acorde á súa idade ou estado madurativo, chegando a interiorizar paulatinamente o seu esquema corporal	Recoñece, identifica e sinala as partes do seu corpo (cabeza, tronco e extremidades) sobre sí mesmo e sobre outras persoas.	
CA1.3 - Recoñecer as percepcións sensoriais propioceptivas e exteroceptivas captadas a través dos sentidos verbalizando as sensacións que producen	Identifica e verbaliza as diferentes sensacións captadas polos sentidos.	
CA1.4 - Construír unha imaxe positiva propia e aceptar a súa identidade manifestando confianza nas súas posibilidades e recoñecendo as súas limitacións	Ten unha imaxe positiva de sí mesmo.	
CA1.5 - Coordinar e controlar o seu corpo, as súas posibilidades motrices e adaptalo ás características dos obxectos, á acción e á vida cotiá, mostrando un variado repertorio motriz	Posúe unha boa coordinación de movementos.	
CA1.7 - Identificar semellanzas e diferenzas entre as persoas valorando positivamente a diversidade	Identifica e acepta as semellanzas e as diferenzas entre as persoas.	
CA2.1 - Identificar e manifestar os propios sentimentos, vivencias, emocións e comprender as dos demais.	Recoñece os seus sentimentos, emocións... e os dos demais.	



Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA2.2 - Manifestar sentimentos de seguridade persoal na participación en xogos e nas diversas situacións da vida cotiá, confiando nas propias posibilidades e mostrando iniciativa.	Síntese seguro nos xogos e noutras actividades cotiás.	
CA2.8 - Participar con iniciativa en xogos e actividades colectivas relacionándose con outras persoas con actitudes de afecto e empatía, aceptando as diferenzas individuais e evitando todo tipo de discriminación.	Acepta as diferenzas dos seus iguais nas actividades de grupo.	
CA3.2 - Recoñecer hábitos de saúde, alimentación saudable, hixiene corporal e benestar utilizando adecuadamente espazos e materiais.	Identifica as necesidades de hixiene corporal, alimentación saudable e benestar.	
CA4.1 - Manifestar sentimentos de seguridade persoal na participación en xogos e nas diversas situacións da vida cotiá, confiando nas propias posibilidades e mostrando iniciativa.	Mostra iniciativa e ten en conta os riscos do xogo	
CA4.2 - Respetar a secuencia temporal asociada aos acontecementos e actividades cotiás, adaptándose ás rutinas establecidas para o grupo e desenvolvendo comportamentos respectuosos cara ás demais persoas.	Mostra comportamentos respectuosos coas demais persoas.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Exploración e control do corpo, recoñecendo progresivamente as súas características e posibilidades para chegar á toma de conciencia do esquema corporal e das súas posibilidades expresivas.</li> <li>- Imaxe global e segmentaria do corpo: características individuais e percepción dos cambios físicos. Autoimaxe positiva e axustada ante os demais.</li> <li>- Identificación e respecto das diferenzas, así como a aceptación da súa imaxe corporal e da propia identidade.</li> <li>- Desenvolvemento da identidade sexual e aceptación do corpo sexuado.</li> <li>- Coñecemento do corpo e da contorna a través dos sentidos e das súas funcións. Implicacións da discapacidade sensorial ou física na vida cotiá.</li> <li>- Adquisición das nocións básicas de orientación e coordinación de movementos ¿control progresivo da coordinación, ton, equilibrio e desprazamentos¿ co fin de adquirir autonomía na realización das tarefas.</li> <li>- Interiorización das nocións espazo-temporais nas actividades cotiás.</li> <li>- Identificación, verbalización e expresión de sentimentos, emocións, vivencias, preferencias e intereses propios e das demais persoas.</li> <li>- Aceptación e valoración axustada e positiva da súa persoa, confiando nas súas posibilidades e recoñecendo as limitacións propias.</li> <li>- Recoñecemento das necesidades básicas do corpo. Hixiene, vestido, alimentación, descanso, actividade.</li> <li>- Aceptación das normas de comportamento establecidas durante as comidas, os desprazamentos, o descanso e a hixiene.</li> <li>- Rutinas: planificación secuenciada das accións para resolver unha tarefa; normas de comportamento social na comida, o descanso, a hixiene e os desprazamentos, etc.</li> <li>- A diversidade familiar. Familia, escola e outros contextos socioemocionais. Identificación e diferenciación como primeiros grupos sociais de pertenza e interacción. Outros grupos sociais de pertenza: características, funcións e servizos.</li> </ul>

**Contidos**

- A amizade como valor, así como elemento protector, de prevención da violencia e de desenvolvemento da cultura da paz.
- Potenciación do xogo como elemento común a todas as culturas.

UD	Título da UD	Duración
3	A miña casa	40

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.1 - Progresar no coñecemento do seu corpo axustando accións e reaccións e desenvolvendo o equilibrio, a percepción sensorial e a coordinación no movemento	Progresa no coñecemento e no control do seu corpo, no equilibrio, na percepción sensorial e na coordinación no movemento	TI
CA1.4 - Construír unha imaxe positiva propia e aceptar a súa identidade manifestando confianza nas súas posibilidades e recoñecendo as súas limitacións	Ten unha imaxe positiva de sí mesmo.	
CA1.7 - Identificar semellanzas e diferenzas entre as persoas valorando positivamente a diversidade	Identifica e acepta as semellanzas e as diferenzas entre as persoas.	
CA2.3 - Participar en contextos de xogo dirixido e espontáneo axustándose ás súas posibilidades persoais.	Mostra interese polo xogo, tanto o dirixido como o espontáneo.	
CA2.4 - Identificar e expresar as súas necesidades e sentimentos axustando progresivamente o control das súas emocións.	Recoñece as súas necesidades e sentimentos e controla as súas emocións.	
CA3.1 - Manexar diferentes obxectos, útiles e ferramentas en situacións de xogo e na realización de tarefas cotiás, mostrando un control progresivo e de coordinación de movementos de carácter fino.	Progresa na motricidade fina.	
CA3.2 - Recoñecer hábitos de saúde, alimentación saudable, hixiene corporal e benestar utilizando adecuadamente espazos e materiais.	Identifica as necesidades de hixiene corporal, alimentación saudable e benestar.	
CA3.6 - Resolver con iniciativa e autonomía actividades da vida cotiá, colaborar en tarefas e aceptar as normas.	Soluciona con autonomía pequenos problemas da vida cotiá.	
CA4.1 - Manifestar sentimentos de seguridade persoal na participación en xogos e nas diversas situacións da vida cotiá, confiando nas propias posibilidades e mostrando iniciativa.	Mostra iniciativa e ten en conta os riscos do xogo	
CA4.2 - Respetar a secuencia temporal asociada aos acontecementos e actividades cotiás, adaptándose ás rutinas establecidas para o grupo e desenvolvendo comportamentos respectuosos cara ás demais persoas.	Mostra comportamentos respectuosos coas demais persoas e adáptase as rutinas	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA4.6 - Participar activamente en actividades relacionadas coa reflexión sobre as normas sociais que regulan a convivencia e promoven valores como o respecto á diversidade e o trato non discriminatorio cara ás persoas.	Valora a importancia da convivencia, a igualdade, o respecto... entre as persoas	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Exploración e control do corpo, recoñecendo progresivamente as súas características e posibilidades para chegar á toma de conciencia do esquema corporal e das súas posibilidades expresivas.</li> <li>- Identificación e respecto das diferenzas, así como a aceptación da súa imaxe corporal e da propia identidade.</li> <li>- Descubrimento dos cambios que se producen nas persoas co paso do tempo, respectando as diferenzas.</li> <li>- Desenvolvemento da identidade sexual e aceptación do corpo sexuado.</li> <li>- Adquisición das nocións básicas de orientación e coordinación de movementos ¿control progresivo da coordinación, ton, equilibrio e desprazamentos¿ co fin de adquirir autonomía na realización das tarefas.</li> <li>- Interiorización das nocións espazo-temporais nas actividades cotiás.</li> <li>- O xogo como ferramenta de exploración persoal.</li> <li>- Estratexias para a resolución de conflitos e para o desenvolvemento da resiliencia.</li> <li>- Recoñecemento das necesidades básicas do corpo. Hixiene, vestido, alimentación, descanso, actividade.</li> <li>- Aceptación das normas de comportamento establecidas durante as comidas, os desprazamentos, o descanso e a hixiene.</li> <li>- Hábitos e prácticas sostibles e ecosocialmente responsables relacionadas coa alimentación, coa hixiene, coa actividade física, co descanso, co autocoidado e co coidado da contorna.</li> <li>- Rutinas: planificación secuenciada das accións para resolver unha tarefa; normas de comportamento social na comida, o descanso, a hixiene e os desprazamentos, etc.</li> <li>- A diversidade familiar. Familia, escola e outros contextos socioemocionais. Identificación e diferenciación como primeiros grupos sociais de pertenza e interacción. Outros grupos sociais de pertenza: características, funcións e servizos.</li> <li>- Estratexias de autorregulación da conduta. Empatía e respecto.</li> <li>- A amizade como valor, así como elemento protector, de prevención da violencia e de desenvolvemento da cultura da paz.</li> <li>- Fórmulas de cortesía e interacción social positiva. Actitude de axuda e cooperación. A resposta empática á diversidade debida a distintas formas de discapacidade e ás súas implicacións na vida cotiá.</li> <li>- Potenciación do xogo como elemento común a todas as culturas.</li> <li>- Xogo simbólico. Observación, imitación e representación de persoas, personaxes e situacións. Estereotipos e prexuízos.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
4	As rúas do meu pobo	40

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.3 - Recoñecer as percepción sensoriais propioceptivas e exteroceptivas captadas a través dos sentidos verbalizando as sensacións que producen	Identifica e verbaliza as diferentes sensacións captadas polos sentidos.	TI
CA2.3 - Participar en contextos de xogo dirixido e espontáneo axustándose ás súas posibilidades persoais.	Mostra interese polo xogo, tanto o dirixido como o espontáneo.	
CA2.6 - Ofrecer e pedir axuda en situacións cotiás valorando os beneficios da cooperación e da axuda entre iguais.	Solicita e ofrece axuda aos seus iguais.	
CA2.8 - Participar con iniciativa en xogos e actividades colectivas relacionándose con outras persoas con actitudes de afecto e empatía, aceptando as diferenzas individuais e evitando todo tipo de discriminación.	Acepta as diferenzas dos seus iguais nas actividades de grupo.	
CA3.1 - Manexar diferentes obxectos, útiles e ferramentas en situacións de xogo e na realización de tarefas cotiás, mostrando un control progresivo e de coordinación de movementos de carácter fino.	Progresa na motricidade fina.	
CA3.4 - Realizar actividades relacionadas co autocoidado e co coidado da contorna con actitude de respecto e mostrando autoconfianza e iniciativa.	Móstrase respetuoso e sensible coa súa contorna.	
CA3.6 - Resolver con iniciativa e autonomía actividades da vida cotiá, colaborar en tarefas e aceptar as normas.	Soluciona con autonomía pequenos problemas da vida cotiá.	
CA4.1 - Manifestar sentimentos de seguridade persoal na participación en xogos e nas diversas situacións da vida cotiá, confiando nas propias posibilidades e mostrando iniciativa.	Mostra iniciativa e ten en conta os riscos do xogo	
CA4.3 - Participar con iniciativa en xogos e actividades colectivas relacionándose con outras persoas con actitudes de afecto e empatía e evitando todo tipo de discriminación.	Participa activamente en grupo e sen discriminación	
CA4.6 - Participar activamente en actividades relacionadas coa reflexión sobre as normas sociais que regulan a convivencia e promoven valores como o respecto á diversidade e o trato non discriminatorio cara ás persoas.	Valora a importancia da convivencia, a igualdade, o respecto... entre as persoas.	
CA4.8 - Participar, desde unha actitude de respecto, en actividades relacionadas con costumes e tradicións étnicas e culturais presentes na súa contorna mostrando interese por coñecelas.	Participa nas actividades relacionadas con aspectos da súa contorna.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
